



Nº Expediente: 2017/C005/000005

Asunto: Contratación de CAMIÓN CON PLATAFORMA ELEVADORA PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICOS MUNICIPAIS

MESA DE CONTRATACIÓN (1)

ACTA DE CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN **ADMINISTRATIVA** (SOBRES A), E SI PROCEDE, APERTURA DOS SOBRES B (OFERTA ECONÓMICA E DEMÁIS DOCUMENTACIÓN OBXECTO DE NEGOCIACIÓN) DO SEGUINTE CONTRATO :

Subministro: CAMIÓN CON PLATAFORMA ELEVADORA PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICOS MUNICIPAIS

Importe de licitación: 49.585,00 € e 10.412,85 € de IVE (total IVE incluído: 59.997,85 €)

ASISTENTES

PRESIDENTE:

Don Pablo Diego Moreda Gil, alcalde

VOGAIS:

Dona María José Rodríguez Pérez, concelleira

Don Agustín Martínez Docanto, arquitecto técnico municipal

Dona Ana Velo Ruiz, secretaria do concello

Don Jorge Vidal Zapatero, interventor municipal.

SECRETARIA:

Dona M^a Montserrat Pérez Garrote, funcionaria do Concello.

Non asiste don José Camilo Casal García, concelleiro.

No Salón de plenos do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 12:00 horas do mércores 11 de outubro de 2017, constitúese a Mesa de Contratación integrada da forma sinalada, co obxecto de proceder á cualificación da documentación xeral (sobres A) presentados no procedemento para adxudicar a obra anteriormente citada.

Segundo se desprende da busca efectuada no sistema informático de rexistro xeral de entrada e saída de documentos, presentáronse para tomar parte na licitación da "CAMIÓN CON PLATAFORMA ELEVADORA PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICOS MUNICIPAIS ", as seguintes empresas:

- MANUEL REY S.A. BETANZOS (R.E. 5082 de 05/10/2017): sobres A e B.
- TALLERES ARTEIXO, S.L. (R.E. 5107 de 06/10/2017): sobres A e B.
- SOOS MAQUINARIA, S.L. (R.E. 5112 de 06/10/2017): sobres A e B.
- GRUIVOL, S.L. (Envía Fax o 06/10/2017, R.E. 5119). E presenta sobres A e B (R.E. 5143 de 09/10/2017).
- BILBO TRUCK, S.L. (Fax do 06/10/2017, R.E. 5120). E presenta sobres A e B (R.E. 5144 de 09/10/2017).

A continuación, A Mesa procede á calificación previa dos documentos presentados en tempo e forma; para o cal o Presidente ordena a apertura dos sobres A, que fan referencia á "Documentación administrativa ", resultando o seguinte:



- A documentación presentada por todas as empresas licitadoras é correcta.

A continuación o Sr. Presidente ordena a apertura dos sobres "B" (oferta económica e demais documentación obxecto de negociación) das empresas participantes na licitación.

As ofertas económicas son as seguintes:

EMPRESAS	OFERTA ECONÓMICA (sen IVE)	PUNTUACIÓN
MANUEL REY S.A. BETANZOS	49.585,00	0,00
TALLERES ARTEIXO, S.L.	48.300,00	3,04
SOOS MAQUINARIA, S.L.	49.500,00	0,95
GRUIVOL, S.L.	49.480,00	0,31
BILBO TRUCK, S.L.	48.950,00	1,69

A Mesa acorda:

1º.- Solicitar un informe técnico ao Sr. arquitecto municipal relativo aos criterios de valoración contidos no Prego de cláusulas administrativas, con respecto da documentación contida nos sobres "B".

2º.- Reunirse de novo para verificar a valoración técnica e elevar unha proposta de adxudicación ao órgano de contratación.

3º.- Publicar a presente acta no Perfil de contratante e na páxina web do Concello de Cedeira.

O presidente dá por rematada esta sesión ás 12:30 h. do expresado día, e estendo de todo isto a presente acta, do que eu, secretaria da Mesa, dou fe.